



BENESTAR A TRAVÉS DE TALASOTERAPIA 2019

Aberto o prazo para solicitar praza no programa “Benestar a través de Talasoterapia” da Xunta. Código do procedemento BS607B.

Talasoterapia é o método terapéutico que se basea na utilización do medio mariño (auga do mar, algas, barro e outras sustancias extraídas do mar) e do clima como axente terapéutico.

Establecementos - Prestacións - Datas e Quendas – e Prezo por praza

- **Hotel Talaxo Louxo**** - Illa da Toxa** – (Pontevedra) – Parque mariño (60 minutos/día).- do 12-17 maio/do 19-24 maio/do 22 ao 27 setembro/do 20-25 outubro/do 27 outubro-1 novembro/do 3-8 novembro/do 10-15 novembro/do 17-22 novembro - 201 €
- **Thalasso Cantábrico**** (aloxamento Hotel****/Restaurante Wellness Thalasso - Viveiro** – (Lugo) – Circuito (un acceso diario).- do 12-17 maio/do 19-24 maio/do 26-31 maio/do 22-27 setembro/do 27 outubro-1 novembro/do 3-8 novembro/do 10-15 novembro - 201 €

Requisitos:

- Ser maior de 60 anos ou de 55 reunindo a condición de pensionista da Seguridade Social.
- Estar empadroadado e residir na Comunidade Autónoma de Galicia
- Valerse por si mesmo, atoparse en condicións de asistir, non padecer alteracións do comportamento que afecten a normal convivencia e non padecer enfermidade transmisíbel con risco de contaxio.
- Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.
- Reunir os requisitos establecidos, na data en que remate o prazo de presentación da solicitude e, acadar a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.
- A/o solicitante poderá acompañarlle o seu cónxuxe (**non** terá que cumprir o requisito da idade), os/as fillos/as que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, sempre e cando non necesiten apoio de 3ª persoa, se poidan desprazar con autonomía, compartan o cuarto coas persoas proxenitores e, cumpran os requisitos citados excepto o da idade e, unha persoa coa cal desexe participar no programa sempre que esta cumpra todos os requisitos anteriores.

Documentación:

- Os Anexos I, II e III
- Copia compulsada do pasaporte do solicitante/acompañantes, se procede.
- A copia do libro de familia da persoa solicitante, no caso de acudir cunha filla ou fillo con discapacidade.
- Certificado do grao discapacidade da filla ou fillo, se non fose expedido pola Xunta de Galicia.
- Certificado das pensións non outorgadas polo INSS nin pola Xunta do solicitante/acompañantes.
- Informe médico actualizado no caso de ter algunha limitación, alerxia/enfermidade que requira dalgunha atención especial (trat. farmacolóxico, alimentación, accesorio de apoio, cuarto individual..)

Prazo e lugar de solicitudes: as solicitudes achegaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, así como, opcionalmente en soporte papel. O prazo remata o **2 de maio de 2019**, poderán informarse nas dependencias de Servizos Sociais e Igualdade do Concello.

Camariñas, 8 de abril de 2019

A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade

Sandra Insua Rial